

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

EXTRACTO da Orde do 29 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 3 de agosto de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència competitiva, a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020, ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), se convocan as correspondentes ao ano 2016 e se fixa o crédito dispoñible na convocatoria 2021 tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento PE155B).

BDNS (Identif.): 545108.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

(<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios destas axudas os grupos de acción local do sector pesqueiro que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Teren sido seleccionados pola Consellería do Mar no marco do desenvolvemento sustentable das zonas de pesca do FEMP 2014-2020.
- b) Ter asinado un convenio de colaboración coa Consellería do Mar para o desenvolvemento dunha estratexia de desenvolvemento local participativo (EDLP).
- c) Participar nun proxecto de cooperación interterritorial e/ou transnacional.

Segundo. Finalidade

O obxecto desta orde é modificar as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència competitiva, a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dentro da Unión Europea (UE) dos grupos de acción local do sector pesqueiro

CVE-DOG: jrfprog7-izc0-cqp4-cdr1-is5ezf4sapk1



(en diante, GALP) para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do FEMP 2014-2020, ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo co fin de permitir unha nova convocatoria en 2021 e a actualización do texto publicado en 2016 ás previsións da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ao Regulamento (UE) nº 2016/679 xeral de protección de datos, á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, e á Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 3 de agosto de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència competitiva, a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020, ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), e se convocan as correspondentes ao ano 2016 (código de procedemento PE155B).

Cuarto. *Importe*

O crédito orzamentario para as solicitudes de axuda tramitadas durante o exercicio do ano 2021 e a plurianualidade asociada ás axudas que se poidan conceder neste alcanza o importe de trescentos noventa e catro mil euros (394.000 euros), repartidos nas seguintes anualidades e partidas orzamentarias:

Partida orzamentaria	Ano 2021	Ano 2022	Total
15.03.723C.7801	250.000 €	144.000 €	394.000 €

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

As solicitudes de axudas poderán ser presentadas ata o 1 de marzo de 2021.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2020

Silvia Cortiñas Fernández
Secretaría xeral técnica da Consellería do Mar

